

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén

Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Fontán, María Soledad
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tome, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rguez.-Moldes, Covadonga

ESTUDANTES

Abelleira Acebedo, Pablo
Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Fernández Simoes, Miguel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

García Cutrín, Fco. Javier

INVITADOS

Henrique Costas González
Inmaculada Báez Montero

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de setembro de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 28 de setembro de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de xullo de 2022 e á sesión extraordinaria do 07 de setembro de 2022.**

Ana Isabel González Penín comenta, respecto do punto catro da acta ordinaria, que a súa observación -que se refire no dito punto- era relativa a por que había vicerreitores con maior carga docente que os demais.

Ante a ausencia de outras observacións formuladas en prazo, o reitor propón que as actas se aproben por asentimento, coa corrección sinalada.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. **Informe do reitor.**

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- **Equipo xerencial e persoas axuntas ao reitor.** Dotámonos dunha estrutura complexa para abordar a mudanza da nosa administración e da nosa xestión. Os retos principais son: mudar os sistemas informáticos, organizar os procedementos ou informatizar a xestión. Como exemplo: a mudanza de Xescampus a Sigma. Xerenta: Yolanda Lesmes Romero. Vicexerenta de Economía e Asuntos Xerais: Mercedes Carracedo. Vicexerenta de Coordinación Académica: Cristina Gallego. Vicexerente de Investigación: Anxo Moreiras. Vicexerente de Recursos Humanos: Ángel Nieto. O reitor expón a estrutura das distintas

vicexerencias, así como o equipo director, o comité de seguimento e o equipo de traballo (que dirixirá Cristina Gallego) que se encargará da implantación de SIGMA. Asemade, sinala as persoas adxuntas: adxunta ao reitor para os procedementos de contratación e modernización administrativa: Patricia Valcárcel; adxunto ao reitor para a dixitalización: José Pazos; adxunto ao reitor para as enerxías renovables e infraestruturas: Jacobo Porteiro. Posiblemente, os retos que requirirán atención prioritaria son: modernización administrativa (procedementos e informatización) e desenvolvemento da nova RPT.

- **A folla de ruta para a modernización administrativa** levará tres anos, previsiblemente:
 - 2022: Concurso para que unha empresa externa estude os 200 procesos máis importantes. Establecemento dun procedemento de medida das cargas de traballo. Acordo sobre o teletraballo.
 - 2023: Listaxe tentativa de novos servizos (por exemplo, na biblioteca xa hai algúns avances). Estudo pormenorizado de cargas de traballo reais.
 - 2024: Establecemento dunha primeira proposta para a negociación. Prazas para extinguir, novo sistema de cubrición de xefaturas, reordenación das áreas de apoio, apoio aos campus... Novos servizos, informatización de vicerreitorías e unidades, nova biblioteca.
- Sobre o **Campus de Pontevedra**, o reitor informa da visita ao Concello da cidade e as situacións dos terreos de Tafisa e do edificio da rúa Benito Corbal, así como da rehabilitación da carpintería exterior do Edificio de Belas Artes.
- En canto á **internacionalización**, o reitor sinala que a situación non é boa en xeral en Galicia, e na UVigo comezase co Grao en Dirección e Xestión Pública. Estase a consensuar un pedimento das tres universidades para ter prazas adicionais para o estudantado estranxeiro en titulacións non presenciais e con custos reais. Inicialmente, farase o esforzo de comunicación con varios mestrados e títulos propios
- Sobre **dobres graos e graos duais**, o reitor informa de que somos a universidade galega con menos dobres graos e queremos facer un esforzo na implantación dos mesmos. Tamén podemos pensar en novos dobres mestrados. Adicionalmente, os títulos que poidan incorporar unha mención dual serán benvidos.
- No que se refire aos **campus de especialización**, espera ter unha resposta á proposta de especialización de Ourense; a continuación, comezaranse os traballos para a acreditación do campus de especialización de Pontevedra.
- Creáronse finalmente as **novas facultades** de Deseño, Dirección e Xestión Pública e Relacións Internacionais.
- Sobre a **acreditación do Campus Auga de Ourense**, o reitor sinala que está preparado para a súa presentación. A documentación subiu en xullo, despois de varias xuntanzas coa Secretaría Xeral de Universidades e co avaliador xefe. Espérase unha visita durante o mes de setembro ou de outubro. É consciente de que o traballo realizado mellorou moitísimo a memoria e quere agradecer o esforzo de todas as persoas participantes.
- En canto á **planificación de infraestruturas**, o reitor resalta as prioridades:
 - Prioridade 0: Planta piloto e CACTI no edificio Campus Auga de Ourense.
 - Prioridade 1: Edificio para a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (Ourense). Levará aparelhada a solución dentro do campus dos espazos docentes de Relacións Internacionais.

- Prioridade 2: Unha vez clarexada a dispoñibilidade dos terreos da antiga TAFISA, programarase un edificio para dar acubillo as facultades de Deseño e de Dirección e Xestión Pública.
- Prioridade 3: Edificio para Intelixencia Artificial.
- Outros: Na ETEA poderase situar o Centro de Investigacións Mariñas, o Campus do Mar e a Escola de Posgrao. Estudarase se é posible levar a Facultade de Ciencias do Mar e os mestrados que solicitaron estar alí.
- En concreto, sobre a **planta piloto e o CACTI**, indica que, en canto estean, procederemos ao traslado dos equipamentos do CACTI situados no CTC, pagando un alugueiro. Na planta piloto situaranse os equipamentos xa existentes e os que se vaian adquirindo. Esperamos que sirva á docencia, pero tamén á investigación. Cara ao futuro, precisarase que os institutos dispoñan de certos espazos.
- O reitor indica as infraestruturas que se presentarán ao **plan de financiamento 2023-2026**, así como a análise funcional do edificio previsto para Enxeñaría Aeroespacial.
- Dentro da **nova cátedra sobre dinamización do rural**, financiada pola Deputación de Ourense, propónse o pedimento conxuntamente a un concello da provincia, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica o Reto Demográfico, da man da Deputación, dun centro que permitirá ter parcelas experimentais á disposición do Instituto de investigación Agrocolóxica.
- En canto á **proposta galega do Nodo de Intelixencia Artificial**, a nosa proposta fíxose para a posible elección de Ourense, aproveitamos o acordo co alcalde para propoñer La Molinera. É unha das tres propostas que hai enriba da mesa. Aínda non se sabe en que comunidade autónoma se vai a situar, nin os criterios, pero a proposta da UVigo está feita.
- **Sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial**: A través do Nodo de Intelixencia Artificial, Galicia vai postularse como sede da AESIA. No nodo participan as tres universidades galegas e tivemos a oportunidade de facer unha proposta. A UVigo propón a súa localización en La Molinera. A UdC, na cidade das TIC. A USC non propón nada, pero o concello propón o Edificio Fontán (no Gaiás). A axencia terá entre 50-100 traballadores/as inicialmente. Pensamos que Ourense cumpre todos os requisitos: Búscase un equilibrio territorial. A cidade está ben comunicada por AVE. Os prezos son razoables (vivenda e custo da vida). Academicamente é completa, con centros e titulacións relacionados. O edificio está xa construído e resulta axeitado. Terá o apoio da deputación, do concello e, por suposto, da universidade.
- O **peche de verán** evitou a emisión á atmosfera de 53 toneladas de CO₂.
- A UVigo lidera un paquete de traballo dunha **misión satelital xeostacionaria** para comunicacións cuánticas.
- Presentación en público da **Cátedra de Idadismo**.
- O **Hackathon-Laboratorio de Ideas** e Innovación abordará os retos de sostibilidade do sector turístico en Galicia e norte de Portugal.
- **Cátedra Aldaba Wib**: Women, ICT & Business.
- **Desafíos do Océano**: miniserie documental do Campus do Mar sobre especies invasoras, plásticos mariños, erosión, acidificación oceánica e sostibilidade.
- Celebración do **Mentor's Day** (Fundación Mentor).
- O **PUM** estende actividades aos concellos de Covelo e do Rosal.
- O **Pont-up Store**, listo para iniciar as actividades os días 23 e 24 de setembro.

- A UVigo participa nos **estudos da axenda urbana** no Concello de Vigo.
- Curso sobre **desenvolvemento turístico do rural** ourensán.
- A **Cátedra Feminismos 4.0** financia cinco proxectos de investigación no eido da cultura e da sociedade dixital en estudos de xénero.
- Éxito das **xornadas de benvida** nos tres campus.
- Afondamos nas relacións UVigo-área sanitaria de Ourense, de Verín e do Barco de Valdeorras.
- **Apertura conxunta do curso** das universidades públicas galegas.
- Empregaranse 12.000 euros para **promocionar o uso do galego** nos TFG, TFM e teses.
- **Obradoiros de emprego** nos tres campus.
- Participación na 32.^a **Conferencia da European Association for International Education**.
- Presenza da UVigo na celebración da **Ourense Mobile Week**.
- Curso 2023/24: Medidas para incrementar o aforro enerxético:
 - Racionalización de horarios
 - Mellora da conciliación
 - Horario típico europeo de actividades docentes: 9.00-18.00 h (8.00-17.00 h)
 - Carácter voluntario, segundo cada centro.

Conclúe o informe do reitor ás 11:00 h.

3. Acordo, se procede, sobre a ampliación de capital social en SIGMA e aceptación de novos membros, así como nomeamento das persoas encargadas do seguimento do acordo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen expón a proposta de acordo.

SIGMA, AIE, é unha agrupación de interese económico de nacionalidade española, debidamente constituída e existente de conformidade coa Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico e demais normativa relacionada.

SIGMA, AIE ten como finalidade facilitar o desenvolvemento e mellora dos resultados da actividade dos seus asociados, sen ánimo de lucro, no ámbito do desenvolvemento informático, implantación e explotación de circuítos administrativos e de información relacionados coa xestión das universidades, e da súa explotación comercial, incluíndo o sistema SIGMA.

Desde outubro de 2021, SIGMA AIE é o medio propio da Universidade de Vigo e, en virtude desta integración, co fin de integrar máis socios a SIGMA, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa reunión celebrada o día propóñese o seguinte:

1. Confirmar o acordo do Consello de Administración de SIGMA, GESTION UNIVERSITARIA, AIE (MP) do 8 de xuño de 2022, polo que se aprobou a incorporación da Universidade da Santiago de Compostela ao grupo cunha participación do 1% do capital Social.
2. Unha ampliación de capital de SIGMA, GESTION UNIVERSITARIA, AIE (MP) por un importe de 40.068,00 euros en virtude da cal:
 - a. A Universidade de Santiago de Compostela intégrase mediante a subscripción de 20.034,00 €, nos termos establecidos no Documento de Constitución da USC (apartado 3.1.)

b. Incorporárase unha universidade máis subscribindo un capital de 20.034,00 € e completando así a II Fase de crecemento do grupo.

3. Encomendar a execución e seguimento deste convenio a José Luis Míguez Tabarés, vicerreitor de Planificación e Sostibilidade da Universidade de Vigo.

4. Comunicarlle este acordo a María Mercedes Carracedo Durán, vicexerenta de Economía e Asuntos Xerais da Universidade de Vigo, para que adopte as medidas necesarias para facelo efectivo.

Carlos Mollinedo pregunta sobre as persoas encargadas da organización de SIGMA, porque pensaba que se trataba de aprobar dita organización, pero o reitor aclara que neste caso se trata exclusivamente do seguimento do presente acordo.

Apróbase o acordo así como o nomeamento das persoas destinadas ao seguimento do mesmo, por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do plan de medidas urxentes de aforro enerxético da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao seu adxunto Jacobo Porteiro Fresco, que pasa a expoñer as liñas básicas do plan, comezando polo contexto do gas natural e a súa compra pola UVigo, a través de Redexga, nos orzamentos do 2021 e 2022 entendendo que foi unha boa operación, malia que o prezo está a incrementarse. Comenta así mesmo o contexto da electricidade, remontándose a 1998, onde se advirte a suba do prezo no último ano, relacionada coa crise enerxética, aínda que o consumo mantense mais ou menos estable (en torno a 12.5 millóns de kw/hora cada ano). O custo da electricidade pode multiplicarse por dous ou incluso tres. Jacobo Porteiro explica os presupostos así como a estrutura do plan de aforro (SUVI), onde figuran medidas urxentes (que son as que se someten hoxe a aprobación) medidas estruturais e novas instalacións.

Os obxectivos do plan, que se acompañou coa documentación, son os seguintes:

OBXECTIVOS DO PLAN

O obxectivo deste plan de medidas urxentes de aforro enerxético é adoptar un conxunto de medidas para conseguir unha redución do consumo enerxético de entre un 25 % e un 30 % do consumo actual.

As medidas de aforro enerxético fórmulanse atendendo a catro factores claves:

- Que teñan un efecto significativo na redución do consumo de enerxía.
- Que non afecten á actividade académica da institución.
- Que preserven a salubridade e o confort dos postos de traballo do persoal da universidade.
- Que manteñan plenamente o desempeño da actividade docente e investigadora.

Solicítase que calquera usuario/a da Universidade de Vigo que observe unha deterioración significativa no seu confort nas dependencias da UVigo, como resultado da implantación das presentes medidas, llo comunique á dirección do seu centro (mediante un aviso na conserxaría) co fin de que se tomen as medidas correctoras oportunas.

MEDIDAS DE AFORRO ENERXÉTICO (EIXE DE ACCIÓN)

Apélase ao cumprimento das seguintes medidas de aforro enerxético a toda a comunidade universitaria e ao persoal das empresas que prestan servizos na universidade en mantemento de instalacións, seguridade, limpeza, cafetarías e outras contratadas.

1. Xestión da calefacción e da climatización dos edificios

Calefacción

- O aceso realizarase a partir do 1 de novembro e unicamente nos días cuxa previsión meteorolóxica cumpra as condicións detalladas máis abaixo. O seu uso non se estenderá máis aló do 15 de abril.

En todo caso, a calefacción manterase acesa todo o tempo necesario nos laboratorios, animalarios etc., que obrigatoriamente o requiran.

- Horario de calefacción:
 - Tramo da mañá: de 7.00 a 12.00 h
 - Tramo da tarde: de 15.00 a 19.00 h
 - Nos centros docentes que non teñan clase pola tarde, os sistemas de calefacción empregaranse só durante o tramo da mañá.
 - Os edificios administrativos só terán calefacción no tramo da mañá.
 - Non se autoriza o uso de calefacción fóra dos tramos sinalados, agás cunha autorización expresa da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
- Non se climatizarán os espazos de circulación e os vestíbulos dos edificios:
 - As conserxarías ou as empresas mantedoras encargaranse de anular os elementos de emisión de calor destes lugares.
- Durante as fins de semana (sábados e domingos) a calefacción permanecerá apagada.
- Con carácter xeral, reducirase a temperatura de impulsión da calefacción en 5 graos, excepto nos sitios que xa dispoñan de instalacións de baixa temperatura ou produción por medio de enerxía renovable. Quedan, por tanto, excluídas desta medida:
 - Edificio de Ferro (xeotermia + aerotermia)
 - CINTECX (xeotermia)
 - CACTI (xeotermia + aerotermia)
 - Campus da Auga (xeotermia + aerotermia)
 - Biblioteca central de Ourense (aerotermia)
 - Biblioteca central de Vigo (xeotermia + aerotermia)

- Biblioteca de Ciencias de Vigo (xeotermia)
 - ECIMAT (aerotermia)
 - Edificio Ernestina Otero (aerotermia)
 - Edificio Filomena Dato (aerotermia)
 - Facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación + Ciencias da Educación e do Deporte (biomasa)
- A temperatura obxectivo de confort dos espazos interiores de ensino e traballo con calefacción será como máximo de 19 °C.
 - O aceso das instalacións de calefacción realizarase unicamente nos días en que a temperatura prevista para ese día en cada campus, conforme a previsión meteorolóxica de Meteogalicia, cumpra simultaneamente as seguintes condicións:
 - i) Temperatura máxima exterior igual ou inferior a 18 °C
 - ii) Temperatura mínima exterior igual ou inferior a 12 °C
 - Dada a maior oscilación térmica diaria que se experimenta no campus de Ourense, en devandito campus considerárase tamén día habilitado para a calefacción calquera día, dentro dos períodos establecidos, cunha temperatura mínima exterior igual ou inferior a 8°C.
 - O mecanismo que se empregará será o seguinte:
 - O último día laborable (xeralmente venres) de cada semana, a Dirección Técnica de Obras, Instalacións e Infraestruturas da Universidade de Vigo consultará a predición de Meteogalicia para os días laborables que van de luns a venres da semana seguinte. A citada predición consultarase de forma individual para a localización de cada campus da Universidade de Vigo.
 - Os días que cumpran simultaneamente que a temperatura mínima prevista sexa inferior a 12 °C e a temperatura máxima sexa inferior a 18 °C consideraranse días habilitados para usar a calefacción.
 - A dirección técnica enviaralles ese mesmo día (último día laborable da semana precedente) unha comunicación a todos os administradores/as e á Xerencia, con copia aos decanatos e ás direccións dos centros, coa listaxe dos días da semana seguinte na que estará autorizado o uso de calefacción.
 - Fóra do período de datas indicado ao comezo deste apartado, o uso de calefacción está desautorizado salvo os casos excepcionais que contén cunha autorización expresa por parte da Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade.

Aire acondicionado

- A temperatura obxectivo de confort dos espazos interiores de ensino e traballo refrixerados será de 27 °C.

En todo caso, a climatización manterase acesa todo o tempo necesario nos laboratorios, animalarios etc., que obrigatoriamente o requiran.

- O acceso establécese a partir do 1 de maio e ata o 30 de setembro, limitado aos días nos que a temperatura, conforme a previsión meteorolóxica de MeteoGalicia, cumpra simultaneamente as seguintes condicións:

- Temperatura máxima exterior igual ou superior a 28 °C
- Temperatura mínima exterior igual ou superior a 16 °C

O mecanismo que se empregará será o seguinte análogo ao exposto para o caso da calefacción.

- Dentro do período de datas sinalado no punto anterior, poderá utilizarse o aire acondicionado nos edificios que dispoñan de enerxía eléctrica excedentaria procedente da instalación FV e durante as horas centrais do día (de 10.00 a 18.00 h), dado que o custo é nulo ou practicamente nulo. Estes edificios/centros son:

- Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía
- Escola de Enxeñería Industrial (sede campus e sede cidade)
- CINTECX
- Edificio Exeria
- Escola de Enxeñería Forestal
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
- Edificio de Ferro

- Fóra do período de datas indicado ao comezo deste apartado, o uso do aire acondicionado está desautorizado salvo os casos excepcionais que contén coa autorización expresa por parte da Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade.

2. Prohibición do uso de dispositivos de calefacción individuais eléctricos

- O uso indiscriminado de calefactores individuais supón un gasto enerxético moi superior aos sistemas colectivos de calefacción, ao seren moito máis ineficientes e non estaren suxeitos a control.
- Con carácter xeral, queda prohibido utilizar calefactores individuais eléctricos co fin de evitar o elevado custo derivado do seu uso, ineficacia enerxética e risco de incendio.

3. Apagamento de computadores e de equipos, instrumentos e maquinaria cando non se utilicen

- Os equipos informáticos, instrumentación científica e resto de equipamento de alimentación eléctrica deben apagarse fóra dos horarios de apertura dos edificios e en días festivos ou non laborables.

Estes equipos, aínda que non estean en uso, chegan a consumir o 15 % da enerxía que consomen no seu uso normal.

Quedan excluídos desta instrución os equipos e os computadores que requiran a súa conexión continuada por razóns docentes ou investigadoras.

- Na medida do posible, recoméndase que o persoal configure os seus equipos para suspenderse de forma automática no caso de inactividade prolongada.

4. Desconexión de termos eléctricos e quentadores de auga instantáneos en aseos e laboratorios

- Desconectaranse en todos os aseos da Universidade de Vigo, salvo os vestiarios de instalacións deportivas e os vestiarios do persoal.
- Nos laboratorios acordarase cos seus ou súas responsables a súa regulación ou desconexión se fose posible.

5. Apagamento da chegada de calor nas cortinas de aire

Os edificios que contén con cortinas de aire nos seus accesos deberán configuralas en modo ventilación para evitar que o sistema realice un quecemento eléctrico do aire da cortina (modo calefacción).

6. Axuste da iluminación interior

- Solicítaselles a todos os membros da comunidade universitaria, especialmente ao persoal das conserxarías dos centros e edificios, que procedan:
 - Ao apagamento da iluminación dos espazos que non estean en uso.
 - Ao apagamento da iluminación de espazos de circulación e vestíbulos en horario diúrno, cando dispoñan de iluminación natural suficiente.
- Esta obriga trasladarase tamén ao persoal da empresa de vixilancia, da empresa de limpeza e doutras empresas de servizos que traballan na universidade.
 - Estudarase a optimización do horario programado de acceso dos edificios para a súa limpeza.
- Nas dependencias administrativas o horario de acceso e de apagamento será o mesmo ca o horario de funcionamento do edificio. No caso de non ser posible de maneira telexestionada, estableceranse rutinas de actuación nas conserxarías dos centros.

7. Axuste da iluminación exterior

- Limitarase e regularase a intensidade da iluminación nas zonas de aparcadoiro nas horas centrais da noite (de 1.00 a 5.00 h).
- Limitarase e regularase a intensidade da iluminación nas zonas das pistas de tenis/fútbol nos períodos sen ocupación reservada.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS (EIXE DE ORGANIZACIÓN)

Xerais

- Continuarase coa medida de peches por motivos de aforro enerxético (Semana Santa e parte do mes de agosto), estudando a posibilidade de estendelo a algúns días do Nadal/fin de ano.
- Control do consumo
 - Ao longo do presente curso completárase a implantación dun sistema de monitorización de consumos e produción de enerxía de todos os edificios da universidade.
 - O devandito sistema permitirá un mellor seguimento destas e do resto das medidas de aforro que a Universidade de Vigo implantará progresivamente.
- Actividades ou eventos extraordinarios
 - No caso de utilización extraordinaria das dependencias universitarias analizarase o seu impacto no conxunto destas medidas.

Específicas para o servizo de limpeza

O persoal de limpeza intervén no 100 % das estancias dun edificio; por iso, a súa implicación resulta de grande importancia. Debido a isto, precísanse tomar tres accións correctoras:

- O acceso e o apagamento de cada estancia realizarase ao comezo e ao final do seu período de limpeza, evitando o exceso de iluminación.
- A ventilación da estancia con apertura de xanelas no inverno realizarase unicamente mentres dure a limpeza da estancia.
- A ventilación no verán promoverá a apertura do maior número de xanelas durante o período de limpeza do edificio, xa que favorece o arrefriamento do local.

COLABORACIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA (EIXE DE SENSIBILIZACIÓN)

Establécense unhas recomendacións para todos os usuarios e usuarias da UVigo, tendo en conta a importancia da súa contribución. A acción individual dos membros da comunidade universitaria resulta fundamental para reducir o consumo de enerxía na universidade. A suma de pequenos xestos pode supoñer unha gran diferenza neste sentido. Para iso recoméndanse seguir as seguintes:

- Apagar a luz e a climatización ao abandonar aulas, salas ou despachos, ou en xeral cando non vaia haber ninguén durante un tempo.
- Non manter enchufados aparellos que non se estean a usar (pantallas, cargadores, cafeteiras etc.).
- Non manter tapados por ningún moble os radiadores de calefacción.
- Prescindir do uso de calefactores individuais.

- Na primavera e no outono aproveitar adecuadamente as condicións do ambiente exterior para acondicionar o interior. Por exemplo, no verán ventilar á primeira hora e pechar as xanelas e baixar as proteccións solares antes de que empece a ir calor, ou no inverno reducir o tempo de ventilación e permitir a entrada do sol para potenciar o efecto invernadoiro, cando sexa posible.
- O termóstato de climatización, cando está dispoñible, debe axustarse a unha temperatura adecuada e indicada máis arriba.
- Utilizar preferentemente as escaleiras, en lugar dos ascensores, cando as condicións físicas o permitan.
- Comunicarlles ás conserxarías dos centros calquera uso inadecuado de enerxía que se observe ou calquera suxestión que poida contribuír a un mellor uso desta.

Os servizos de conserxaría dos edificios son unha peza clave no seu funcionamento e pídese a súa máxima implicación no obxectivo de aforro enerxético.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade será a encargada de realizar o seguimento e a avaliación do Plan de aforro enerxético da Universidade de Vigo.

As instrucións incluídas no presente plan son susceptibles de revisión continua e modificaranse se a situación así o requirise. Crearase unha comisión formada por:

- ✓ vicerreitor de Planificación e Sostibilidade
- ✓ Director técnico de obras
- ✓ Adxunto ao reitor para sustentabilidade
- ✓ 1 representante do PAS
- ✓ 1 representante do PDI
- ✓ 1 representante do estudantado
- ✓ 1 representante dos decanatos/direccións de cada ámbito por campus

A citada comisión reunirse tantas veces como sexa necesario e, polo menos, unha vez cada dúas semanas.

Este plan entrará en vigor desde o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno. Daráselle a máxima publicidade mediante a súa publicación na páxina web da universidade e no seu taboleiro electrónico.

Jacobo Porteiro comenta brevemente, para finalizar, as liñas mestras das medidas estruturais, que se espera debater no futuro na nosa universidade (non son obxecto de aprobación neste punto, só as medidas urxentes) e que se centran en racionalizar o uso das instalacións, tanto de cara á organización académica e docente dos centros e a organización dos espazos en días non lectivos.

Ruth Davila comenta no chat as seguintes cuestións do alumnado: “Estes dous últimos cursos coas medidas de ventilación pola covid o alumnado non fixo uso da calefacción. Actualmente mantense un protocolo de 10 minutos por hora de ventilación. ¿Acenderase igualmente a calefacción? Por

outra banda ¿plantexouse algunha medida de teledocencia das aulas teóricas para mellorar o aforro enerxético?”. O reitor responde á segunda, sinalando que non, porque unha das vantaxes á normalidade tras a pandemia é a presencialidade, aínda que se pode pensar se a enerxía segue a dispararse. Á primeira cuestión responde Jacobo Porteiro, que indica que no caso da COVID houbo que gastar moita calefacción por causa das necesidades de ventilación na pandemia. Agora se mantén como recomendación, ata que cambien as medidas de protección. É posible que a crise enerxética non se estenda mais aló do 2023 o que poderá facer repensar as medias de aforro.

Marta Pazos pregunta polos límites de temperatura mínima e máxima de 18 e 12 graos segundo a diferenza entre Vigo cidade e o Campus de Marcosende o que é causa de certas diferenzas nas predicións, que deberían terse en conta na súa opinión. O reitor sinala que os catro campus serán diferenciados e se traballará por separado. Jacobo Porteiro se compromete a comprobar o asunto das predicións. Así mesmo, Marta Pazos comenta sobre o apagado da calefacción entre clases e pola tarde en centros onde non hai docencia pero si xente traballando, e pide que se teña en conta. O reitor entende que se terá en conta.

No chat, María Consuelo Pérez pregunta se hai “algún estudo feito do aforro que suporía pechar a universidade no periodo de Nadal”. O reitor sinala que non está pechada a proposta e que, unha vez sexa así, presentárase un estudo.

Manuel Diz Folgar comenta certos casos nos que poden incidir as medidas: por exemplo, no Edificio Filomena Dato do Campus de Marcosende parece que o control sobre a climatización é bastante irregular, na súa opinión. Tamén en aulas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e outras puntuais en distintos edificios. Pide cooperación cos servizos de conserxería e unidades de servizo e que o control sexa mais extenso. Belén Rubio aclara o problema co Edificio Filomena Dato, que pensa está resolto xa. O reitor indica que está prevista no plan a colaboración cos servizos. Jacobo Porteiro comenta o estado da licitación de medidas de aforro enerxético nos diversos edificios da universidade e que se estudarán cos directores dos centros, apelando á concienciación da comunidade universitaria neste punto.

José F. Montero comenta sobre a humidade no seu edificio e se será posible continuar usando deshumidificadores. Pide que se lle pase a presentación e propón que se inclúan luvas e abrigo como regalo institucional. Jacobo Porteiro aclara que se poden usar deshumidificadores. Anabel González Penín bota en falta a estratexia de comunicación do plan. Jacobo Porteiro indica que se incorporará despois.

Carlos Mollinedo comenta que está de acordo coas medias de aforro e que sexan reais. Entende que deben engadirse medidas sobre confort que teñen respaldo lexislativo. Habería que incluír por exemplo a restrición no uso de ascensores. Pon exemplos de aforro da súa práctica persoal. Quere saber sobre o uso da enerxía fotovoltaica en certos edificios (onde parece que se abusa da carga de automóbiles eléctricos) e se temos ou non baterías; tamén como repercute na factura enerxética da UVigo. Espera que se consensúen as liñas mestras do plan cos distintos representantes. O reitor comenta a complexidade de aproveitar os excedentes da enerxía eléctrica e que se está a traballar na interconexión de edificios. Neste momento é de balde o uso de electricidade para cargar coches eléctricos, pero comezará a cobrarse en tanto se popularice o seu uso, dado que agora se trata de fomentalo. Aspira a que todo o Campus de Pontevedra estea cuberto pola caldeira de biomasa. As

negociacións figuran na folia de ruta e comprométese a incluír no anexo as medidas legais de confort. Jacobo Porteiro, en debate con Carlos Mollinedo, detalla o estado da configuración das instalacións fotovoltaicas, en relación coa posibilidade de acumulación de enerxía, poñendo diversos exemplos. Estase a esperar un cambio na regulación a este respecto, para permitir outras modalidades de uso.

José María Martín Moreno matiza esta cuestión, na contorna do actual plan de financiación, anterior á crise enerxética, cunha previsión de crecemento da economía que mudou e afecta negativamente ao reparto de cartos para as universidades. Sobre as expectativas da nosa factura enerxética, entende que os fondos adicionais no plan de financiación serán menores que o incremento da dita factura, cunha diferenza case de 3 millóns de euros respecto ao previsto. As medidas estruturais non deberían impoñerse en escenarios de crise, pero non queda outra. Pensa que o plan pode supoñer un aforro considerable, o que permitiría seguir abordando certas políticas na nosa universidade.

Rebeca Díaz Redondo critica que a parte do illamento dos edificios non está ben desenvolvida no plan presentado e pide que se aborde. O reitor entende que esas medidas non poden ser urxentes, dado o tempo que requiren. Agora mesmo non hai axudas dispoñibles a este efecto e o seu custo sería inasumible nestes momentos pola universidade. Jacobo Porteiro concorda coa posición do reitor, malia que dálle a razón a Rebeca Díaz sobre a súa observación, que reclama que se preste máis atención ao deseño de edificios na universidade, en particular, respecto da súa climatización, poñendo o exemplo do edificio da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. O reitor está de acordo coa observación.

Durante este punto ausentáronse Natalia Caparrini, Juan Pardo e Estela Lima.

Apróbase as medias urxentes do plan proposto, por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación do título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

O reitor cede a palabra a Henrique Costas quen explica as razóns para dicir non á proposta, que cualifica de suicida. Sinala que desaparece a participación de certas áreas, como a ética e a socioloxía, así como materias como o galego, o que non sucede na Universidade de Santiago de Compostela, que é lingua de uso preferente na UVigo. Destaca o compromiso do reitorado coa lingua galega. Critica que o plan non fora modificado desde a súa anterior presentación polo equipo decanal da facultade. Apela á conciencia do Consello de Goberno nesta votación, no que se xoga un desvalimento de recursos humanos neste plan de estudos. Remata cunha nota persoal sobre un compañeiro seu de formación, Benigno Fernández, que é o profesor de lingua galega no actual plan, facendo referencia ao seu extenso currículo. Entende que non hai razóns académicas que xustifiquen a modificación proposta, que pensa é consensuada entre os tres departamentos implicados.

José F. Montero agradece o esforzo realizado polo equipo de goberno neste asunto. Entende que o proceso levado a cabo no centro foi impecable desde o punto de vista democrático. Pensa que

moitos elementos no documento presentado deberon ser corrixidos, o que non se fixo. Para el resulta incomprendible o fundamento da proposta, que atentaría contra o propio espírito da titulación que se pretende modificar. Comenta unha anécdota sobre o valor do latín, que fora posto en tela de xuízo. A lingua galega, a lingua española e a ética deben manterse segundo a súa opinión. Fai referencia ao seu voto particular no consello anterior. Está de acordo coa postura manifestada por Henrique Costas.

Carlos Mollinedo intervén para dar lectura a un texto sobre a lingua galega na publicidade. Está de acordo coa postura de Henrique Costas e entende que lle parece unha modificación da RPT do profesorado da titulación, sen ter en conta ás persoas interesadas.

José Rúas fala como director de Departamento de Comunicación Pública, criticando que non fose convocado como tal ás reunións da comisión de elaboración da proposta. Refírese á importancia das linguas, socioloxía, economía... no título, pero bota en falta outras materias propias da comunicación na reforma proposta. Fai unha reflexión sobre a necesidade da presenza da comunicación noutras titulacións da Universidade de Vigo. Pide unha reflexión futura sobre este asunto.

Inmaculada Anaya lamenta o que aconteceu con este proceso e cre que debería terse falado e negociado mellor, dado que se adiou ata despois do verán. Entende que houbo falta de autocrítica e manifesta a súa decepción sobre o proceso, porque saía o que saía na votación de hoxe pensa que o resultado será malo para todo o mundo. Responde a José Rúas que existe representación da súa área noutras titulacións e que esa colaboración é boa. Remata insistindo na primeira parte da súa intervención. José Rúas responde no chat: “Efectivamente, Imma, así foi, gran parte, como dis, do profesorado de comunicación, impartiu docencia nese máster, mais non unha ínfima parte ou ningunha. O máster de Lingua e Comunicación nos Negocios foi, efectivamente, un exemplo de bo entendemento, acordo e negociación”.

O reitor expón as negociacións levadas a cabo ata o momento sobre este asunto.

Comisión:

- O traballo habitualmente faise na Xunta de Titulación se hai máis dunha titulación no centro.
- O traballo previo sempre o fai unha comisión na que non se exclúe ás áreas minoritarias.

Xunta de Facultade:

- Unha vez preparado, o plan de estudos e a memoria débense na Xunta de Facultade.
- A Xunta de Facultade é a que propón o título. Antes da proposta, hai unha consulta á comunidade.

COAP:

- A COAP é unha comisión delegada do Consello de Goberno, constituída por membros de todos os sectores, ámbitos e campus.
- Habitualmente a COAP fai informes.

Na COAP a proposta recibiu:

- Un voto favorable (o do vicerreitor).
- Dúas abstencións.
- Tres votos desfavorables, con dous votos particulares.
- Un membro que non puido asistir, informou no CG que tamén votaría en contra.

Consello de Goberno:

- A competencia para a aprobación de plans de estudo (interna, logo hai outros órganos decisorios externos) tena o Consello de Goberno.
- Habitualmente, se non hai contestación, a aprobación é un trámite.

Sobre ás cuestións que se debateron no Consello de Goberno, o reitor salienta:

- Dá a impresión de que as áreas maioritarias chegaron a un acordo para eliminar as áreas minoritarias.
- No libro branco figuran contidos básicos que non están no plan de estudos.
- Os contidos eliminados son importantes para unha persoa egresada da titulación.
- As materias eliminadas son apreciadas polo alumnado.

Como resumo:

- O libro branco da titulación segue a estar vixente.
- Agás un plan de estudos, todos manteñen as linguas (moitos dos cooficiais engaden varias materias de inglés).
- Agás cinco, o resto dos plans de estudo manteñen a socioloxía.
- Na COAP o único voto favorable foi o do vicerreitor.
- No Consello de Goberno podemos supor que a votación iría polo mesmo camiño.
- En setembro tratarase de novo. Se non hai cambios, seguramente gañará o non e non se modificará o plan actual.

O reitor somete o punto a votación, adiantando que o seu voto será negativo. Álvaro López Mira pregunta polo sentido do voto e o reitor indica que será si ou non á proposta.

Se acada o resultado seguinte:

- Votos a favor: 0 (sala) + 1 (virtual) = 1
- Votos en contra: 18 (sala) + 19 (virtual) = 37
- Abstencións/branco: (0 sala) + 1 (virtual) = 1

Como resultado da votación, **rexéitase** continuar a tramitación da modificación do plan proposta.

(Auséntase Consuelo Currás tras a votación)

6. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa de actividades titoriais.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, Alfonso Lago, quen expón as modificacións, que derivan da incorporación de novas figuras de profesorado, non contempladas ata agora na regulación vixente. As modificacións son as seguintes:

Modificación artigo 3.4. Atención de titorías en horario laboral de luns a venres e dentro do horario de apertura do centro.

ANEXO I:

- Actualización das horas de titorías do persoal investigador en función das horas de docencia anual máximas.
- Incorporación na normativa das figuras de Contrato de acceso de persoal investigador doutor e dos programas María Zambrano e Margarita Salas.

Anabel González Penín intervén para sinalar unha discordancia na proposta que non entende ben, sobre cando se establecen as titorías, así como o establecemento de titorías en centros con dobre ubicación, como é o caso da Escola de Enxeñaría Industrial. O vicerreitor aclara a situación respecto da primeira cuestión e sinala que a segunda se indicará expresamente, se é que non queda claro, que o alumnado ten dereito a recibir titorías no centro onde cursa estudos da materia concreta.

Apróbanse as modificacións propostas por asentimento.

7. Aprobación, se procede, das modificacións no Estatuto do estudiantado deportista na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria, Susana Reboreda, que pasa a expoñer as modificacións no regulamento (en cursiva, na presente acta; entre parénteses as explicacións sobre a necesidade da reforma).

Artigo 8. Deportistas de nivel intermedio. (Melloras na redacción)

Terá esta consideración o estudiantado da Universidade de Vigo incluído nalgún dos seguintes supostos:

- a) Ser seleccionado para representar á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios (CEU), campionatos de Europa universitarios (EUC), campionatos do mundo universitarios (WUC) ou Universíadas, na última edición organizada.*
- b) Pertencer á Sección Deportiva Universidade de Vigo.*
- c) Pertencer a entidades deportivas que participen en competicións federadas con denominacións propias da Universidade de Vigo a través dun convenio de colaboración.*

Artigo 9. Dereitos dos e das deportistas de nivel intermedio (deixar constancia dun dereito xa recoñecido)

Este estudantado gozará dos seguintes dereitos, ademais dos xa establecidos con carácter xeral no artigo 6 do presente estatuto:

- (...)

- *Obtención do recoñecemento de créditos ECTS que se estableza regulamentariamente.*

Artigo 11. Rexistro de deportistas de nivel intermedio (Novo artigo)

As persoas estudantes incluídas nesta categoría, e que teñan intención de acollerse aos beneficios recollidos no apartado 9 do presente estatuto, haberán de solicitar, nos prazos establecidos, a súa inscrición no correspondente rexistro, dispoñible na aplicación informática campusactivo.uvigo.gal.

A tal efecto, haberán de estar incluídas nalgún dos supostos establecidos no artigo 8 do presente Estatuto.

Art. 11(2). Deportistas de Elite (Matízase o contido e renumérase como 12.d)

- d) Deportistas participantes de maneira regular na máxima categoría estatal da súa modalidade deportiva *ou en competicións profesionais recoñecidas como tal polo CSD*, en categoría absoluta ou júnior e con licenza en vigor.

Artigo 14(5). Rexistro de deportistas de elite (Renomérase como 15)

A persoas estudantes incluídas nesta categoría, e que teñan intención de acollerse aos beneficios recollidos nos apartados 13 e 14 do presente estatuto, haberán de formalizar a súa inscrición no rexistro de deportistas de elite, dispoñible na aplicación informática campusactivo.uvigo.gal.

O prazo para o rexistro será o correspondente ao primeiro cuadrimestre de cada curso académico. (Renoméranse o resto dos artigos).

Apróbanse as modificacións propostas.

8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Historia.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que o regulamento conta co informe positivo da Asesoría Xurídica e foi aprobado pola Xunta de Facultade. Simplemente, propón incluír que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación **“no taboleiro electrónico da Universidade”**.

Apróbase o regulamento, co engadido sinalado.

9. Nomeamento de dous vogais da Comisión de Permanencia e Progreso: sector decanos/directores (1) e sector estudantes (1).

- Sector decanos e directores: Juan Picos Martín
- Sector estudantes: Andrés Lois Graña Sánchez

Resultan nomeadas as persoas sinaladas.

10. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico e 1 estudante do ámbito Xurídico-Social.

O reitor indica o seguinte:

Polo ámbito científico presentouse Uxía Calviño Barreiro (PD en Física Aplicada).

Asemade, presentou candidatura Carlos Barja Márquez do PD en Protección do Patrimonio Cultural, pero na EIDO indican que este programa inclúese no ámbito de Artes e Humanidades, no que na actualidade non hai vacantes, polo que non procede o nomeamento.

Resulta elixida Uxía Calviño Barreiro. Non é preciso facer outras eleccións.

11. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Anabel González Penín pregunta polo proceso de execución da OPE polo que respecta ao PAS, dado que hai moita xente implicada e levan xa moito tempo pendentes. O reitor non dispón dos datos agora mesmo, pero comprométese a informarlle.

Coral del Río comenta a súa preocupación ante o Grao de Filoloxía Galega e Española, dados certos informes procedentes da Xunta de Galicia sobre o nivel de ingreso neste grao, que se basean nunha interpretación restritiva, ao seu entender. Fai unha reflexión sobre as renuncias nos graos e pregunta sobre as medidas que se poden tomar a este respecto, dado que outras titulacións poden estar afectadas, e inquire asemade polo papel dos estudos literarios na UVigo e sobre como se van defender ante a actitude da Xunta. O reitor alude ao plan de financiamento, cuxo obxectivo final de correspondencia oferta e demanda pode non ser moi acaído, pero que debe ser xustificado ante a Consellería de Facenda. O equipo está a traballar cos equipos dos títulos afectados e pensa que non haberá graves problemas. Pensa chegar ata onde sexa preciso para defender os estudos de filoloxía. Valora o esforzo do centro nesta contorna e entende que o grao non terá problemas, unha vez implantado efectivamente.

José F. Montero agradece a preocupación do reitor e da profesora Coral del Río pola situación, malia que manifesta non estar preocupado. Lembra brevemente como se desembocou na situación actual e que este grao comparte créditos co Grao en Linguas Estranxeiras, o que varía o cómputo do alumnado preciso para manter estes estudos, segundo os criterios da Xunta de Galicia. Alfonso



Lago insiste en que o documento para a Xunta de Galicia ten como destinatario á Consellería de Facenda, non á Secretaría Xeral de Universidades, malia que se comentou tamén con este servizo.

Consuelo Pérez escribe no chat: Bos días, tiven un problema e non puideron plantexar unhas cuestións respecto ó informe do reitor ó rematar o mesmo. As cuestións son as seguintes: a) En relación cos grados duais, hai algunha data prevista para a posta en marcha do Grao Dual de Automoción (estaba previsto para este curso 22-23)? b) En relación cos campus de especialización non se mencionou o Campus Vigo Tecnolóxico. Hai algunha data prevista para comezar a traballar na súa acreditación? O reitor responde sobre o estado de tramitación do convenio sobre o Grao Dual en Automoción e explica certos atrancos que houbo, en vías de solución. Sobre o campus de especialización, entende que é un momento complexo e de cambio na Consellería e que primeiro, posiblemente, se abordarán os campus non centrais.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:35 h. do día 28 de setembro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral